

IMPORTANTE: ÚLTIMAS RECOMENDACIONES

- O aprazamento da proba, entre outras cousas, vai ter algunha consecuencia pensamos que menor tanto na cartografía como nos trazados xa que todo estaba previsto para un escenario con moita menos auga. Regatos e mananciais que en outubro estaban secos, agora xa teñen moita auga. Destacamos o **control 148 incluído nos percorridos R 1 (Elite M) e R 2 (Elite F e M 35)**. Está nunha zona escavada nunha ladeira que quedou anegada en parte. O control estará igualmente no seu sitio, pero no mapa non aparecerá o símbolo 302.1 (Balsa de auga pouco profunda) senón o 308 (Humedal). Consideramos que non afecta ó desenrolo da carreira.
- A **Presaiña é de 5 minutos, pero a distancia entre o aparcadoiro no Centro de Competición e a Presaiña é de un quilómetro, aproximadamente uns 10 minutos andando**. Os corredores han de ter isto en conta para organizarse e chegar a tempo á saída. Atención especial a este punto para todos aqueles que solicitaron saír cedo para acompañar despois a algún menor na categoría de Iniciación. Esta categoría poderá saír entre as 10:30 e as 12:00.
- **Metereoloxía**: Afortunadamente, non temos ningunha alerta para o sábado e todo indica que vai chover moi pouco ou case nada a primeira hora e algo máis a partir das 14:30. O vento tamén irá en aumento a partir desa hora. A zona do mapa está algo máis abrigada, pero o Centro de Competición está nunha zona bastante exposta. Hai que ter isto en conta á hora de elixir a vestimenta tanto para a carreira como para a pos-carreira.
- **Coidado cas rutas para subir ó Monte Iroite que nos dan os GPS**. Pode ser que a ruta máis curta nos leve por algunha aldea onde as furgonetas e autocaravanas teñan moi complicado ou imposible pasar. Recomendamos ir polas rutas que puxemos no Boletín:
 - Desde Pontevedra por Boiro: AP-9, EP-8001, AC-553, AG-11, DP-1105 + estrada EVA 10.
 - Desde Santiago por Noia: AG-56, CG-1.5, AC-550, DP-1105 + estrada EVA 10.
 - Desde Ribeira por Boiro: AC-550, AG-11, DP-1105 + estrada EVA 10.